

# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO (2023 – 2027) CEIPP A FRAGA



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. MARCO LEGAL .....	3
3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO .....	4
4. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO .....	9
5. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS E NIVEIS.....	10
6. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA GARANTIR OS OBXECTIVOS DE FOMENTO DO PLURILINGÜISMO .....	10
7. MEDIDAS PARA ACADAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO .....	14
8. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.....	16
9. AVALIACIÓN DO PROXECTO .....	17
10. ANEXOS.....	18

## **1. INTRODUCCIÓN**

Tal como se recolle no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un valor fundamental de cohesión na nosa comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1o, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2o, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Proxecto lingüístico do centro (PLC) inclúese dentro da normativa que está orientada á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, co fin de propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de todos os escolares e garantir a mesma competencia entre o galego e o castelán.

O marco normativo deste PLC baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Alén diso, desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por la que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Este curso 2023/2024 elaboramos un novo PLC con base no Decreto 79/2010, do 20 de maio, cunha comisión do profesorado do centro nomeada polo equipo directivo e logo de ouvir a Comisión de Coordinación Pedagóxica, segundo se establece no artigo 14 deste decreto.

## **2. MARCO LEGAL**

O presente documento basease na normativa vixente e ten como principais referentes legais os seguintes:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, após os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

## **3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO**

### **LOCALIZACIÓN DO CENTRO**

O CEIP Plurilingüe A Fraga está situado no concello de As Pontes, entre o Poboado de A Fraga e do Barreiro, unha zona con moitos servizos arredor entre os que destaca o Parque de Dona Rita e o Pavillón Municipal.

O centro non conta con servizo de transporte nin de comedor. A ANPA oferta servizo de "madrugadores" e actividades extraescolares todas as tardes de 16:00 a 18:00 horas.

No presente curso escolar 2023/24 realizouse unha nova enquisa para coñecer a situación sociolingüística da comunidade educativa: pais e nais, alumnado de 5º e 6º educación primaria e profesorado. Os resultados son os seguintes:

### **ENQUISA DE NAIS E PAIS**

A enquisa foi contestada por 90 familias, dun total de 124.

No que atinxe á lingua na que aprendeu a falar o seu fillo/a o 50% di que en castelán, o 33% en galego e o 17% en galego.

Sobre a lingua que se fala habitualmente na casa, os resultados están moi repartidos, no 29% predomina o castelán, no 28% o castelán, no 21% galego e castelán por igual, no 18% o galego e no 4% predomina o galego.

Sobre a lingua que os proxenitores empregan no seu traballo, o 32% afirma que galego e castelán por igual, o 24% o galego, o 20% o castelán, o 19% que predomina o castelán e o 4% que predomina o galego.

Sobre a pregunta da lingua que empregan habitualmente os avós dos nenos/as o 41% afirma que o galego, o 29% galego e castelán por igual o 11% predomina o galego, o 8% o castelán e o 7% predomina o castelán.

Sobre a lingua na que falan os seus fillos, o 57% afirma que castelán, o 27% que predomina o castelán, o 8% galego e castelán por igual, o 6% o galego e o 3% que predomina o galego.

Vistos os datos que reflexan estas catro preguntas, vemos como con cada xeración o uso do galego vai a menos a medida que avanza os tempos, aquí é onde a escola debe incidir para que a situación volva a dar a volta.

Á pregunta de se en Galicia debería usarse máis o galego, o 80% amósanse de acordo.

Na pregunta de se lles gustaría que os seus fillos/as recibisen máis clases en galego case o 50% amosan acordo.

O 97% das familias concordan en que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece.

O 79% das familias están en desacordo de que en Galicia o galego é pouco útil.

Na pregunta relativa á presenza do galego no centro, o 74% das familias que responderon afirman que ten ampla presenza, o 22% moderada presenza e o 3% escasa presenza

### **ENQUISA DO PROFESORADO**

A enquisa foi contestada por 15 docentes dun claustro de 17 mestres e mestras.

O 27% do profesorado do centro afirma que a súa lingua de uso habitual no ámbito persoal é o galego, un 27% que é o galego e castelán por igual e un 27% que predomina o castelán. Nun 13% o castelán e un 7% que predomina o galego.

No centro educativo un 33% emprega o galego, un 27% galego e castelán por igual, un 20% predomina o galego, nun 13% predomina o castelán e un 7% emprega o castelán.

A valoración da propia capacidade para empregar o galego na docencia é alta nun 60% e moi alta nun 33% dos mestres enquisados.

Sobre a disposición para facer cursos de reciclaxe de galego, máis da metade do claustro amosa actitude plena e boa.

As restantes cuestións tamén amosan unha actitude por parte do profesorado moi positiva cara ao galego e a súa dinamización, cunha maioría porcentual moi evidente na cuestión de usalo máis, 73%, e o 100% de ser fomentada socialmente.

O 100% do profesorado está completamente de acordo en que a adquisición de varias linguas enriquece, tal e como afirman recentes estudos relacionados coa neurociencia e neuroeducación.

O 53% do profesora está completamente en desacordo e o 47% bastante en desacordo en que o material audiovisual existente en galego é suficiente.

A partir destes datos, é evidente a necesaria labor que debemos facer dende o centro educativo en prol dunha maior dinamización da nosa lingua, e da creación de material para o fomento do seu uso por parte do alumnado.

### **ENQUISA DO ALUMNADO DE 5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA**

A enquisa foi contestada por 39 alumnos e alumnas dun total de 40, matriculados en 5º e 6º de Educación Primaria.

Esta enquisa ao alumnado pon de relevo que no 38% dos fogares a lingua habitual é o castelán, o 36% galego e castelán por igual, no 15% predomina o galego e no 10% a lingua habitual na casa é o galego.

Ante a pregunta de que falan os seus avós con eles, o 49% din que falan en galego e o 31% afirma que entre os avós falan en galego, pero cos netos en castelán, e o 8% din que falan entre eles en castelán e cos netos tamén en castelán.

Sobre as preguntas relacionadas coa lingua máis empregada no colexio, o 44% din que o castelán, o 33% galego e castelán por igual, o 21 % que predomina o castelán e o 1% en galego. Nos tempos de lecer máis da metade do alumnado afirma falar en castelán e o 5% en galego, sendo o 15% os que empregan galego e castelán por igual e no 10% predomina o castelán.

Da pregunta de se o galego é unha lingua axeitada para os videoxogos, o 41% responden indiferente, o 46% están de acordo e o 23% en desacordo.

Ao 67% lles gustaría que houbera máis debuxos, series e contido audiovisual en galego.

Sobre os grupos musicais que canten en galego, a maioría responderon As Tanxugueiras, outros Radio Cos, Uxía Lambona, Heredeiros da Cruz ou Siniestro Total.

O 90% pensa que aprender dúas linguas é algo enriquecedor e o 82% están en desacordo en que o galego é pouco útil, así como un 89% pensan que en Galicia debería de usarse máis o galego.

Sobre as actividades para fomentar o uso do galego no Colexio sinalan:

- Facer concursos de historias en galego.
- Ter máis clases en galego.
- Facer un concurso tipo "Pasapalabra" en galego.
- Ter algunha hora na que só se poda falar en galego.
- Facer xogos en galego.
- Ter contacontos en galego.
- Falar galego na hora de ler.
- Falar galego na biblioteca.
- Concertos en galego no colexio.
- Ter máis libros en galego.
- Ter clases de canto en galego.
- Aumentar as horas de lingua galega.
- Reservar unha clase para falar galego oral.

### **A SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA**

O uso da lingua galega dentro do colexio está totalmente normalizado; é a lingua vehicular para a documentación administrativa, a páxina web, a revista escolar, carteis, comunicacións escritas ás familias...

Como norma xeral, emprégase en todas as actividades extraescolares se ben nalgúns ocasións, e de xeito xustificable, recórrase ao uso da outra lingua oficial ou outro idioma co obxectivo de potenciar o coñecemento das tres, como ao presentar un vocabulario determinado en relación cun tema ou en actuacións: cancións, obras de teatro... que se desenvolvan dentro das áreas de lingua castelá ou inglesa e, ocasionalmente, en momentos en que pesa máis o contido que se traballa que a lingua en que se acha o recurso.

A biblioteca escolar, que está aberta durante todos os períodos de lecer e polas tardes, tamén ten en conta a existencia de recursos en galego. Alén diso, hoxe en día podemos achar numerosos libros de lectura, de consulta, con CD etc. en idioma galego, un fondo que se actualiza periodicamente.

No que atinxe á lingua de comunicación do persoal docente nas súas relacións coas familias do alumnado, véñse utilizando maioritariamente o galego aínda que ás veces se adapta ás circunstancias.

O persoal non docente utiliza maioritariamente o idioma galego.

A ANPA emprega indistintamente as dúas linguas oficiais. Nos escritos que saen do centro adoita empregar o galego, aínda que algúns carteis ou comunicados son editados en castelán.

A lingua empregada nas actividades que xestiona a ANPA tamén depende dos monitores e das monitoras e non existe unha regulación, normativa nin instrución desta asociación sobre o uso do idioma.

O EDLG está formado por membros do profesorado que representan os diferentes niveis educativos que se imparten no centro co fin de fomentar a dinamización da lingua e de participar, ao longo do curso, en actividades de todo tipo que potencian, prestixian e dinamizan o noso idioma.

### **4. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO**

Atendendo ao disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que establece que o centro determinará a lingua predominante do alumnado fíxoselles a enquisa aos pais e ás nais, alumnado de 5º e 6º de educación primaria e ao profesorado.

Segundo a enquisa realizada no primeiro trimestre deste curso 2023/24, entre os tres grupos citados no parágrafo anterior, podemos determinar que a lingua maioritariamente usada por estes tres grupos é o castelán.

## **5. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS E NIVEIS TRATAMENTO DAS DISTINTAS LINGUAS**

Atendendo ao Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e á Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües, para ter tal consideración, deberiamos reunir, entre outros, os seguintes requisitos:

1. Impartir en lingua estranxeira até un máximo dun terzo do horario lectivo dun grupo de alumnos e alumnas.
2. Dispor de profesorado cualificado para impartir as materias non lingüísticas en lingua estranxeira en toda a etapa.

O noso centro ten a consideración de Plurilingüe dentro da rede de centros plurilingües, contando cos recursos persoais suficientes.

Impartirase en lingua inglesa a materia de inglés e a materia de plástica. O resto das materias impartiranse en lingua galega ou castelán.

### **EDUCACIÓN INFANTIL**

A lingua galega será utilizada, como mínimo, igual que a lingua castelán; terase sempre en conta a lingua materna de cada neno ou nena e fomentarase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se converta no idioma base da aprendizaxe, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e profesorado.

A principios de curso preguntóuselle ás familias do alumnado de 4º de educación infantil cal era a lingua predominante, cos resultados seguintes:

- Total de alumnas e alumnos matriculados: 15
- Alumnado co galego como lingua predominante: 1
- Alumnado co castelán como lingua predominante: 10
- Alumnado co galego e castelán indistintamente: 4

Nesta etapa e, de acordo co disposto no Decreto 79/2010 e coa Instrución para a aplicación deste decreto após os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este, o profesorado emprega na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, que é o castelán, e favorece e procura que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, o galego.

Para cumprir o establecido no punto 4 do artigo 5º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia segundo o cal cada centro educativo debe facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais, o profesorado do centro empregará a lingua galega nas seguintes actividades e estratexias de aprendizaxe:

- Na assemblea de inicio das clases ,unha sesión diaria
- Nas materias de Educación Musical e de Educación Física, dúas horas semanais.
- No tempo diario de lectura.
- Nas actividades dos mestres de aula, 3 horas semanais.

### **EDUCACIÓN**

### **PRIMARIA**

Impartiranse en galego as seguintes materias:

- En 1º: L. Galega, Ciencias Sociais e Naturais, Relixión Católica, Proxecto Competencial e Ed. Musical
- En 2º: L. Galega, Ciencias Sociais e Naturais, Relixión Católica, Proxecto Competencial e Ed. Musical
- En 3º: L. Galega, Ciencias Sociais e Naturais, Relixión Católica, Proxecto Competencial e Ed. Musical

- En 4º: L. Galega, Ciencias Sociais e Naturais, Relixión Católica, Proxecto Competencial e Ed. Musical
- En 5º: L. Galega, Ciencias Sociais e Naturais, Relixión Católica, Proxecto Competencial e Ed. Musical
- En 6º: L. Galega, Ciencias Sociais e Naturais, Relixión Católica, Educación en Valores Cívicos e Éticos e Ed. Musical

## **6. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA GARANTIR OS OBXECTIVOS DE FOMENTO DO PLURILINGÜISMO E MEDIDAS PARA ACADAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO**

O CEIP Plurilingüe A Fraga está situado nun contorno maioritariamente castelanfalante. O centro ten asumido o galego no seu ámbito académico e no ámbito administrativo escrito. O alumnado do centro ten a oportunidade de acceder ao ensino da lingua galega, de recibir materias en galego, de elaborar murais en galego, de realizar celebracións e eventos da nosa cultura tradicional galega e, nalgunhas ocasións, de entrar en contacto con personaxes importantes da nosa cultura.

Porén, non son medidas abondas para que acadar un grao de dominio igual ao do castelán por parte do alumnado, tarefa que non resulta doada, en parte porque a inmensa maioría da súa vida extraescolar xira en torno ao castelán e dificilmente a escola pode por si soa compensar esta desigualdade de uso entre os dous idiomas.

O alumnado séntese maioritariamente capaz no uso do idioma e ten unha valoración positiva do seu uso, mais os docentes notan que o alumnado ten unha carencia no aspecto máis importante do dominio dun idioma: a fala, cunha expresión oral deficiente, en parte polo escaso uso que se fai do idioma fóra do ámbito puramente académico e que depende moito da actitude das familias.

Cabe destacar que certa cantidade do noso alumnado manifesta non entender nin saber falar galego, cando son nenas e nenos naturais de Galicia.

Accións centradas no uso do galego (oral e escrito)

Aspectos visuais e documentais do centro:

- Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de cualificacións, publicacións, comunicados...
- Elaborar en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
- Normalizar o galego nos diferentes selos empregados na vida administrativa: o oficial do centro, os rexistros de entrada e saída, da biblioteca...
- Fomento xeral do uso do galego
- Darlle pulo á utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e promover a súa identificación co uso do galego: programas informáticos en galego, utilización dos diversos recursos que ofrece Internet, creación de weblogs colectivos, uso de chats, videoconferencias...
- Recompilar material informático que lle axude ao profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores, ferramentas informáticas para a elaboración de recursos dispoñíbeis no Portal da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Colaboración co contorno:

Como o centro tamén distribúe material informático doutras entidades (Concello, ANPA...), debemos manter contacto para solicitar que inclúan a información en galego.

Sobre a creación de actitudes positivas

Organizar campañas orientadas á desaparición dos prexuízos lingüísticos. Estas campañas poderán estar destinadas ás familias, ao profesorado e ao alumnado.

## **7. MEDIDAS PARA ACADAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO**

Accións centradas no uso do galego, oral e escrito:

- Presentar en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos...

- Presentar en galego a páxina web do centro e promover, por medio de diversas ligazóns, a consulta doutras páxinas de interese.

Usos lingüísticos cotiáns orais.

- Empregar a lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñan entre si, coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
- Usar a lingua galega en todos os actos que organice o centro: reunións de pais e nais, festivais, conferencias...
- Utilizar o galego na megafonía, as actividades extraes- colares, etc

Fomento xeral do uso do galego:

- Editar en galego as publicacións do centro, tanto en soporte papel como en formato electrónico
- Fomentar, a través de xogos e doutras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Pór o alumnado en contacto coa realidade actual do país, mediante a realización de visitas de carácter didáctico que lle permita coñecer a presenza da lingua na Galicia actual, sobre todo nas actividades socialmente prestixiadas.
- Fomentar a formación de grupos de teatro, musicais, deportivos... que desenvolvan a súa actividade en galego.
- Fomentar a elaboración de vídeos en galego.

Sobre a creación de actitudes positivas

- Espallar unha imaxe da lingua galega centrada en argumentos modernos e vangardistas. É fundamental a conexión con todos os avances de interese que nos proporcionan as TIC.
- Realizar carteis, adhesivos, slogans... para promover o uso do galego en todos os ámbitos.
- Utilizar todo aquel material en galego que, alén do seu carácter informativo, contribúa a facer desaparecer os prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións...
- Realizar charlas de todo tipo para promover a utilización social da lingua. Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos...

Estas medidas irán dirixidas a lle dar un pulo significativo á visibilidade da lingua, á procura da adquisición dunha competencia práctica no idioma e á conformación de actitudes positivas. Trátase de acadar unha visibilidade permanente da lingua galega no centro e de facer dela unha lingua «próxima» tanto nas aulas como fóra delas.

Para iso, dentro do ámbito das Actividades Complementarias e das do EDLG desde o centro, realizamos para este período escolar as seguintes actividades:

- Divulgación da música galega a través da megafonía
- Celebración de festas e tradicións galegas
- Exposicións interclases de traballos e contacontos
- Conmemoración do Día de Rosalía
- Conmemoración do Día das Letras Galegas. Dedícaselle a esta data a semana enteira
- Realización de carteis informativos co nome das árbores do recinto escolar
- Visualización das actividades mediante a páxina web do centro
- Revisión e actualización dos fondos da biblioteca
- Participación nas diferentes actividades do Proxecto documental integrado (PDI): Galeguízate, centrado este curso no patrimonio material e inmaterial de Galicia: maios, Santa Compañía, monumentos, arquitectura po- pular, costumes, tradicións, festas..



- Participación nas actividades de Digocho Eu, coa intención de achegar ao alumnado a unha lingua viva, normativa e divertida.

## **8. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O USO LINGÜÍSTICO CORRECTO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS**

Este apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso do alumnado que presente un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro chanzo na detección de necesidades é o profesorado titor que, a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades supere as posibilidades do profesorado, este recorrerá ao Departamento de Orientación que realizará a preceptiva avaliación psicopedagóxica.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte do profesorado que teña horas dispoñíbeis como do profesorado de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe, se for preciso.

Convén subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poida aprender a segunda lingua, logo da valoración individual de cada caso.

Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, establece que a Administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegure a capacitación lingüística nas linguas oficiais.

Alén diso, dispomos da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación en cuxos artigos 67 e 68, referidos ás medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, establecen que o alumnado que descoñeza ambas as linguas cooficiais poderá incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

Por último, tendo en conta que practicamente a totalidade do alumnado do noso centro é castelanfalante, convén destacar que o alumnado que descoñeza o castelán estará inmerso nun contexto moi favorábel para a adquisición desta lingua, de modo que haberá que potenciar a súa relación co idioma galego.

## **9. AVALIACIÓN**

Segundo o artigo 14º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, o Proxecto lingüístico do centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar.

Previamente, realizarase unha valoración deste PLC na Comisión de Coordinación Pedagóxica, e as propostas que xurdan enviaránselle ao Claustro do Profesorado para o seu debate na reunión correspondente. As conclusións expóranse no Consello Escolar, e este, como xa indicamos, aprobará o Proxecto lingüístico do centro.

O proxecto remitiráselle ao Servizo de Inspección Educativa, unha vez revisado e actualizado, cada catro cursos escolares.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal consten:

- Os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado en educación infantil para obter información a respecto da lingua materna predominante entre este e das actividades e estratexias de aprendizaxe para que os alumnos e alumnas adquiran, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información dos que se van desenvolver no seguinte.
- Se houber unha modificación na docencia de materias, informarase sobre as mudanzas aprobadas polo centro e autorizadas pola consellería competente en materia de educación.

## **10. ANEXOS**

## Enquisa profesorado

15 respostas

### Resumo Respostas

## Que lingua empregas habitualmente na túa vida persoal

Escolla múltiple

- 4 (27%): **Galego**
- 4 (27%): **Galego e castelán por igual**
- 4 (27%): **Predomina o castelán**
- 2 (13%): Castelán
- 1 (7%): Predomina o galego
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Outra lingua

## Que lingua empregas habitualmente no centro educativo?

Escolla múltiple

- 5 (33%): **Galego**
- 4 (27%): Galego e castelán por igual
- 3 (20%): Predomina o galego
- 2 (13%): Predomina o castelán
- 1 (7%): Castelán
- 0 (0%): Sen resposta

## Que capacidade tes para empregar o galego na docencia?

Escolla múltiple

- 9 (60%): **Alta**
- 5 (33%): Moi alta
- 1 (7%): Media
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Baixa
- 0 (0%): Moi baixa

## Disposición para facer cursos de reciclaxe de galego

Escolla múltiple

- 7 (47%): **Boa**
- 4 (27%): Plena
- 3 (20%): Moderada
- 1 (7%): Pouca
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Ningunha

## Valora o seguinte enunciado: En Galicia debe usarse máis o galego

Escolla múltiple

- 11 (73%): **Completamente de acordo**
- 4 (27%): Bastante de acordo

- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Indiferente
- 0 (0%): Bastante en desacordo
- 0 (0%): Completamente en desacordo

### Valora o seguinte enunciado: A adquisición de varias linguas enriquece

Escolla múltiple

- 15 (100%): **Completamente de acordo**
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Bastante de acordo
- 0 (0%): Indiferente
- 0 (0%): Bastante en desacordo
- 0 (0%): Completamente en desacordo

### Valora o seguinte enunciado: O uso do galego na lexislación é excesivo

Escolla múltiple

- 10 (67%): **Completamente en desacordo**
- 4 (27%): Bastante en desacordo
- 1 (7%): Indiferente
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Completamente de acordo
- 0 (0%): Bastante de acordo

### Valora o seguinte enunciado: O ensino en galego axuda a aumentar o seu prestixio social

Escolla múltiple

- 9 (60%): **Completamente de acordo**
- 3 (20%): Bastante de acordo
- 2 (13%): Indiferente
- 1 (7%): Bastante en desacordo
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Completamente en desacordo

### Valora o seguinte enunciado: A lingua galega debe ser fomentada socialmente

Escolla múltiple

- 11 (73%): **Completamente de acordo**
- 4 (27%): Bastante de acordo
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Indiferente
- 0 (0%): Bastante en desacordo
- 0 (0%): Completamente en desacordo

### Valora o seguinte enunciado: O material audiovisual existente en galego é suficiente

Escolla múltiple

- 8 (53%): **Completamente en desacordo**
- 7 (47%): Bastante en desacordo
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Completamente de acordo
- 0 (0%): Bastante de acordo
- 0 (0%): Indiferente

## Enquisa alumnado 5º e 6º de Educación Primaria

39 respostas

### Resumo Respostas

#### Curso

Escolla múltiple

- 22 (56%): **6º de Primaria**
- 17 (44%): 5º de Primaria
- 0 (0%): Sen resposta

#### En que lingua aprendiches a falar?

Escolla múltiple

- 22 (56%): **Nas dúas**
- 12 (31%): En Castelán
- 4 (10%): En Galego
- 1 (3%): Sen resposta
- 0 (0%): Noutra lingua

#### En que lingua falades habitualmente na túa casa?

Escolla múltiple

- 15 (38%): **En castelán**
- 14 (36%): En galego e en castelán por igual
- 6 (15%): Predomina o castelán
- 4 (10%): En galego
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Predomina o galego
- 0 (0%): Noutra lingua

#### En que lingua falan os teus pais entre eles?

Escolla múltiple

- 13 (33%): **En castelán**
- 11 (28%): En galego e castelán por igual

- 6 (15%): En galego
- 6 (15%): Predomina o castelán
- 2 (5%): Predomina o galego
- 1 (3%): Noutra lingua
- 0 (0%): Sen resposta

### Sobre a situación cos teus avós (se os tes)

Escolla múltiple

- 19 (49%): **Entre eles falan en galego e comigo tamén en galego**
- 12 (31%): Entre eles falan en galego pero comigo en castelán
- 5 (13%): Outra situación
- 3 (8%): Entre eles falan en castelán e comigo tamén en castelán
- 0 (0%): Sen resposta

### Que lingua usas habitualmente no colexio durante as clases

Escolla múltiple

- 17 (44%): **Castelán**
- 13 (33%): Galego e castelán por igual
- 8 (21%): Predomina o castelán
- 1 (3%): Galego
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Predomina o galego

### Que lingua usas habitualmente no colexio nos tempos de lecer

Escolla múltiple

- 25 (64%): **Castelán**
- 6 (15%): Galego e castelán por igual
- 4 (10%): Predomina o castelán
- 2 (5%): Galego
- 1 (3%): Predomina o galego
- 1 (3%): O
- 0 (0%): Sen resposta

### Pensas que o galego é unha lingua axeitadas para os videoxogos

Escolla múltiple

- 16 (41%): **Indiferente**
- 9 (23%): Bastante de acordo
- 5 (13%): Completamente de acordo
- 5 (13%): Completamente en desacordo
- 4 (10%): Bastante en desacordo
- 0 (0%): Sen resposta

## Gustaríache que houbera máis debuxos, series e contido audiovisual en galego para xente da túa idade?

Escolla múltiple

- 17 (44%): **Completamente de acordo**
- 9 (23%): Bastante de acordo
- 9 (23%): Indiferente
- 3 (8%): Bastante en desacordo
- 1 (3%): Completamente en desacordo
- 0 (0%): Sen resposta

## Escribe grupos musicais que coñezas que canten en galego.

Resposta curta

- **12 (31%): Sen resposta**
- cantigas
- Tanxugueiras, adrenalina galega.
- Tamxugeiras, adrenalina galega.
- Tanxugueiras
- Tanxugueiras
- Os suaves
- Tanxugueiras.
- Lenda Artabra e as Tanxugueiras
- Tanxugueiras
- Astarot
- Das Kapital
- Tanxugueiras
- Suaves
- As tanxugueiras
- As tanxugueiras ai lalalalala
- Siniestro Total.
- Tanxugueiras.
- As Tanxugueiras
- tanxugeiras
- pasión
- tanxugeiras, radio cos, banda de gaitas de as pontes, grupo de acordeonistas os lostregos da estrada, pelepau, que nin dióle.
- Uxía e a banda molona
- As Tanxugueiras.
- Os erreiros da cruz
- As Xantugueiras.
- As Taxugueiras .
- Os heredeiros da cruz

## Pensas que aprender dúas linguas é algo enriquecedor para ti?

Escolla múltiple

- 35 (90%): **Si**
- 4 (10%): Non
- 0 (0%): Sen resposta

## Que pensas deste enunciado: En Galicia o galego é pouco útil.

Escolla múltiple

- 19 (49%): **Completamente en desacordo**
- 13 (33%): Bastante en desacordo
- 4 (10%): Indiferente
- 3 (8%): Bastante de acordo
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Completamente de acordo

## Que pensas deste enunciado: En Galicia debería usarse máis o galego.

Escolla múltiple

- 21 (54%): **Completamente de acordo**
- 13 (33%): Bastante de acordo
- 5 (13%): Indiferente
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Bastante en desacordo
- 0 (0%): Completamente en desacordo

## Fai algunha proposta de actividade para fomentar o uso do galego no Colexio.

Resposta curta

- **6 (15%): Sen resposta**
- Facer exercicios en galego
- Traer porcos para que coman as castañas.
- Traer unhos porcos para o patio, pa que coman as castañas.
- Que se faga un concurso con historias que teñan que facerse en galego.
- Facer un concurso con todo o colexio, como o pasapalabra, pero en galego.
- ter mais clases de galego
- Que falen máis galego para xogar máis ao fútbol no recreo.
- Quen fale en castelan perde.
- Estamos en Galicia. O galego é a nosa lingua, debemos usala máis.
- ter unha hora libre na que so se fale galego
- quen fale en cástela perde
- Facer xogos en Galego
- Facer contacontos en galego
- Facer máis horas de lingua galega.
- Leer en galego
- que na hora de lectura falasemos en galego.
- Falar Galego na biblioteca
- Falar Galego na biblioteca.
- Que veñan a cantar cancións para aprender
- Nas asignaturas que sexan en galego falar en galego.
- leer mais libros.
- concerto de grupos de musica en galego,facer mais actividades en galego.
- Facer un xogo por clases e facelo en galego.
- Deixar unha clase para falar galego oral
- Contacontos en galego
- Xogos e libros en galego.
- ter mais libros en galego

- Home se chama Galicia debe de falarse en galego si o si
- Xogos en Galego .
- Clases de canto galego
- aumentar a hora de lingua galega
- Ter máis clases de galego
- Una canción

## Enquisa familias

90 respostas

### Resumo

### Respostas

### Curso do seu fillo/a

Escolla múltiple

- 28 (31%): **Infantil**
- 27 (30%): Terceiro ou Cuarto de Primaria
- 22 (24%): Quinto ou Sexto de Primaria
- 13 (14%): Primeiro ou Segundo de Primaria
- 0 (0%): Sen resposta

### En que lingua aprendeu a falar o neno/a?

Escolla múltiple

- 45 (50%): **En castelán**
- 30 (33%): Nas dúas
- 15 (17%): En galego
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Noutra lingua

### En que lingua se fala habitualmente na casa?

Escolla múltiple

- 26 (29%): **Predomina o castelán**
- 25 (28%): Castelán
- 19 (21%): Galego e castelán por igual
- 16 (18%): Galego
- 4 (4%): Predomina o galego
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Outra

### Que lingua empregades no voso traballo?

Escolla múltiple

- 29 (32%): **Galego e castelán por igual**
- 22 (24%): Galego
- 18 (20%): Castelán
- 17 (19%): Predomina o castelán
- 4 (4%): Predomina o galego
- 0 (0%): Sen resposta



## En que lingua falan os avós do voso fillo/a?

Escolla múltiple

- 41 (46%): **Galego**
- 26 (29%): Galego e castelán
- 10 (11%): Predomina o galego
- 7 (8%): Castelán
- 6 (7%): Predomina o castelán
- 0 (0%): Sen resposta

## Que lingua fala o seu fillo/a

Escolla múltiple

- 51 (57%): **Castelán**
- 24 (27%): Predomina o castelán
- 7 (8%): Galego e castelán por igual
- 5 (6%): Galego
- 3 (3%): Predomina o galego
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Outra

## Valora o seguinte enunciado: En Galicia debería usarse máis o galego

Escolla múltiple

- 45 (50%): **Completamente de acordo**
- 27 (30%): Bastante de acordo
- 16 (18%): Indiferente
- 2 (2%): Completamente en desacordo
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Bastante en desacordo

## Valora o seguinte enunciado: Gustaríanos que o noso fillo recibise máis clases en galego

Escolla múltiple

- 33 (37%): **Indiferente**
- 25 (28%): Bastante de acordo
- 22 (24%): Completamente de acordo
- 5 (6%): Bastante en desacordo
- 5 (6%): Completamente en desacordo
- 0 (0%): Sen resposta

## Valora o seguinte enunciado: A adquisición de dúas ou máis linguas enriquece

Escolla múltiple

- 77 (86%): **Completamente de acordo**
- 10 (11%): Bastante de acordo
- 2 (2%): Indiferente
- 1 (1%): Bastante en desacordo
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Completamente en desacordo

## Valora o seguinte enunciado: En Galicia o galego é pouco útil

Escolla múltiple

- 44 (49%): **Completamente en desacordo**
- 27 (30%): Bastante en desacordo
- 12 (13%): Indiferente
- 4 (4%): Bastante de acordo
- 3 (3%): Completamente de acordo
- 0 (0%): Sen resposta

## Cal é a súa opinión sobre a presenza do galego no centro: en rótulos, taboleiros. actividades extraescolares, aula virtual...

Escolla múltiple

- 67 (74%): **Ampla presenza**
- 20 (22%): Moderada presenza
- 3 (3%): Escasa presenza
- 0 (0%): Sen resposta
- 0 (0%): Insuficiente presenza